



ACTA NÚM. 06 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 21 DE MARZO DE 2019.

No salón de sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **16:35 horas** do día **21 de marzo de 2019**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Dona Branca Petra Novo Rey.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Díos Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Dona M^a José Castro Carballal
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona M^a Teresa Cancelo Márquez.
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.
Don Pedro José Rey Sanchiz.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.
Dona María Goretti Sanmartín Rei.

D. Juan Ramón González Carnero, **interventor xeral do Concello.**

José Ramón Alonso Fernández, **secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

O R D E D O D Í A:

- 1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes ás sesións ordinaria do 21 de febreiro e extraordinaria do 7 de marzo, de 2019.**
- 2. Toma posesión do cargo de concelleiro de don Antón Barba Pereira (PSdeG-PSOE).**
- 3. Solicitud de compatibilidade para actividade pública secundaria de profesor asociado do portavoz do grupo municipal Socialista.**
- 4. Aprobación definitiva da modificación puntual do PE-1 para a ampliación de usos no EM-9. Seminario menor de Belvís.**
- 5. Aprobación inicial da modificación puntual do PXOM e do PE-1 no ámbito da parcela EM-FE. Finca do Espiño.**
- 6. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, para a inmediata licitación por parte do Ministerio de Fomento do enlace orbital e do enlace da N-550 para a conexión da AP-9, A-54 e ás áreas empresariais de Santiago de Compostela.**
- 7. Proposición do grupo municipal do BNG, para cubrir de urxencia a baixa da praza da arquitecta encargada das licenzas de apertura e primeira ocupación.**
- 8. Dar conta do informe anual de queixas e suxestións correspondente ao ano 2018.**
- 9. Dar conta de resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno Local.**
- 10. Rogos, preguntas e interpelacións.**

Rogos:

Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 11 de marzo de 2019, núm. 58.
Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 11 de marzo de 2019, núm. 59.
Do grupo municipal do BNG de data 12 de marzo de 2019, núm. 61.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 12 de marzo de 2019, núm. 64.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 12 de marzo de 2019, núm. 65.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 12 de marzo de 2019, núm. 66.

Preguntas resposta oral:

Do grupo municipal do BNG de data 12 de marzo de 2019, núm. 62.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 12 de marzo de 2019, núm. 67.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 12 de marzo de 2019, núm. 68.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 12 de marzo de 2019, núm. 69.

11. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais:

Rexistro de entrada do día 11 de marzo de 2019, núm. 57, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, na que solicita melloras para o CEIP Quiroga Palacios.

Rexistro de entrada do día 12 de marzo de 2019, núm. 63, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para o desenvolvemento dun sistema de videovixilancia para a protección do patrimonio público e da seguridade cidadá.

Rexistro de entrada do día 13 de marzo de 2019, núm. 70, presentada polo grupo municipal do BNG, para adoptar medidas de seguranza viaria e realizar un plan de ordenación e estudo de detalle en Lamas de Abade.

Antes de dar comezo a sesión gárdase un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.

Incorpórase á sesión a concelleira, Dna. Branca Petra Novo Rey.

A continuación, procédese á votación para a inclusión na orde do día da devandita sesión, previa declaración de urxencia, dos seguintes asuntos:

En primeiro lugar, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do Partido Popular, acorda incluír o punto:

Aprobación inicial do expediente de crédito extraordinario 2019-CREXT-03 e do suplemento de crédito 2019-SUPLE-01.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras, acorda incluír a seguinte declaración:

Declaración institucional de apoio na problemática xerada polo vertedoiro e a planta de elaboración de tecnosolos de Miramontes (Grixoa).

A continuación pásase ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día.

Cumpriméntase así:

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS ORDINARIA DO 21 DE FEBREIRO E EXTRAORDINARIA DO 7 DE MARZO, DE 2019.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras aproba as actas correspondentes ás sesións ordinaria do día 21 de febreiro e extraordinaria do día 7 de marzo de 2019.

2. TOMA POSESIÓN DO CARGO DE CONCELEIRO DE DON ANTÓN BARBA PEREIRA (PSDEG-PSOE).

Non se presenta.

Auséntase do salón de plenos o concelleiro Don Francisco Reyes Santiás.

3. SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE PARA ACTIVIDADE PÚBLICA SECUNDARIA DE PROFESOR ASOCIADO DO PORTAVOZ DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA.

O señor Reyes Santiás, en escrito presentado con data 21 de decembro de 2018, núm. 56569, solicita se proceda a declarar a compatibilidade para desempeñar o seu posto de traballo de profesor asociado.

A devandita solicitude, foi informada polo secretario xeral do pleno con data 5 de marzo do corrente ano.

Xa que logo á vista do informe referido, da documentación que obra no expediente, e máis do ditame favorable da Comisión de presidencia, réxime interior, facenda e especial de contas, correspondente a súa sesión do día 14 de marzo de 2019, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acorda:

Autorizar ao concelleiro do grupo municipal Socialista, Don Francisco Reyes Santiás a compatibilidade do seu posto de concelleiro en réxime de dedicación exclusiva co de profesor asociado T3-P4 da Universidade de Vigo por entender que se cumpren os requisitos legais e non é contraria ao interese público.

O presente acordo notificarase ao interesado e á Universidade de Vigo, e así mesmo daraselle traslado ao Consello Superior da Función Pública.

Reincorpórase ao salón de sesións o concelleiro Don Francisco Reyes Santiás.

4. APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PE-1 PARA A AMPLIACIÓN DE USOS NO EM-9. SEMINARIO MENOR DE BELVÍS.

O informe xurídico asinado con data 6 de marzo do corrente ano, pola xefa de sección de xestión urbanística en relación ao presente asunto, e ao que da a súa conformidade o concelleiro delegado de espazos cidadáns, dereito á vivenda, mobilidade e relacións veciñais, ten o seguinte contido:

“A Modificación, promovida polo Arcebispado de Santiago de Compostela, ten por obxecto incorporar o uso de “albergue de peregrinos” como uso complementario tolerado na reserva de equipamento múltiple EM-9 (Seminario Menor de Belvís).

A parcela obxecto de Modificación, propiedade do ARCEBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, atópase edificada con fronte á avenida de Quiroga Palacios (nº 2) e identifícase coa referencia catastral 7975901NH3477D0001DD.

1. Planeamento vixente

O vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM), a través da disposición transitoria quinta da súa normativa, remite a ordenación detallada da parcela ao *Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica (PE-1)*, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación o 24 de marzo de 1997. O citado Plan especial cualifica a parcela como **reserva de equipamento múltiple EM-9, de carácter privado (eclesiástico)**, cos seguintes usos: docente, relixioso-

eclesiástico, residencial comunitario e universitario, asistencial, sociocultural (artigo 172.3 da normativa do Plan especial, ordenanza de equipamentos).

Pola súa banda, o vixente Plan xeral integra este inmobile dentro do sistema local de contedores de equipamento múltiple (cadro nº 23 da Memoria de ordenación).

Na regulación do uso asistencial que se contén no artigo 142 da normativa do Plan especial admítase a posibilidade de que o citado uso asistencial **inclúa o aloxamento temporal en albergues**, *cando expresamente se autorice na regulación particular do equipamento*, suposto no que *haberá de estarse ás condicións establecidas para o uso hoteleiro*.

O artigo 172.3 establece a seguinte definición de albergue:

Enténdese por albergue a instalación hostaleira incorporada a un equipamento multiuso co que garda unha relación física e funcional, sen que polo tanto poida significar un uso independente nin segregación parcelaria.

Examinando a relación de equipamentos nos que o vixente Plan especial autoriza o uso de albergue, compróbase que aqueles teñen asignado como uso principal o de equipamento multiuso, sendo o uso de albergue un uso tolerado, nas condicións do artigo 130 da normativa de usos do Plan especial:

Usos tolerados: Son aqueles usos que se permiten excepcionalmente acompañando aos principais e compatibles (...)

En consecuencia, o uso de albergue, cando se autoriza na regulación particular dun equipamento, non pode ser autónomo ou independente do uso principal, senón accesorio ou funcionalmente vinculado a este.

2. Informe ambiental estratéxico

Por Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático de data 3 de agosto de 2018 formulouse o Informe ambiental estratéxico (Expte. 2018AAE2202), e resolveuse non someter a Modificación a avaliación estratéxica ordinaria.

Durante o trámite de consultas realizado polo órgano ambiental obtivéronse os informes favorables do Instituto de Estudos do Territorio e da Dirección Xeral de Ordenación Forestal, así como o da directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, que suxire pormenorizar o novo uso proposto como “**albergue turístico de peregrinos**”, e lembra a necesidade de incluír no proxecto unha xustificación das razóns de interese público da Modificación proposta.

Con data 6 de setembro de 2018 o promotor presentou o proxecto de Modificación, para a súa aprobación inicial, no que se incorporan as cuestións sinaladas.

3. Resultado do trámite de información pública

En aplicación do procedemento regulado polos artigos 75.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, *do solo de Galicia* (LSG) e 186 do seu Regulamento de desenvolvemento (RLSG), a Modificación **aprobouse inicialmente pola Xunta de Goberno da Cidade o día 5.10.2018** e someteuse ao

trámite de información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no Diario Oficial de Galicia e no xornal *El Correo Gallego* o día 23.10.2018.

Durante o trámite de participación pública formulouse unha única ALEGACIÓN, asinada por dona Encarna Otero Cepeda, quen manifesta que o uso de albergue xa se vén desenvolvendo no edificio de forma presumiblemente ilegal, e que, en calquera caso, *“unha vez regulada legalmente esta nova actividade deberá cumprir as obrigas fiscais, municipais e doutras administracións derivadas deste uso lucrativo”*.

Do contido da alegación presentada non se desprende oposición á Modificación proposta, como tampouco a necesidade de introducir reformas no documento inicialmente aprobado. Porén, **parece conveniente dar traslado aos Servizos Económicos Municipais a fin de que avalíen se o desenvolvemento deste novo uso pode ter consecuencias dende o punto de vista da exacción dos tributos municipais que procedan**. Con todo, é preciso advertir que o Decreto 48/2016 *polo que se establece a ordenación dos albergues turísticos*, tanto na súa exposición de motivos como no artigo 29 configura aos *“albergues de peregrinos do Camiño de Santiago”*, como unha categoría especial de albergues turísticos *“xestionados por entidades sen ánimo de lucro, que reúnan como elementos esenciais no desenvolvemento da súa actividade a función hospitalaria ao/a peregrino/a”*

4. Aprobación provisional

A Xunta de Goberno da Cidade, en sesión que tivo lugar o 18.01.2019, adoptou o seguinte acordo:

a) Aprobar provisionalmente a Modificación puntual do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica (PE-I), para a ampliación de usos no EM-9 (Seminario Menor – Belvís), promovida polo Arcebispado de Santiago de Compostela, sen modificacións respecto da inicialmente aprobada.

b) En cumprimento do esixido polos artigos 75.1.e) da LSG e 186.1.e) do seu Regulamento, remitir o expediente completo, debidamente dilixenciado, á Consellería competente en materia de Urbanismo, para a emisión do informe preceptivo e vinculante, previo á resolución da aprobación definitiva que habrá de outorgar o Pleno Municipal.

5. Informes emitidos por outras administracións

Con carácter previo á aprobación inicial obtívose o informe favorable da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, emitido con data 21.09.2018.

Consta tamén o informe favorable da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, asinado o 14.11.2018.

Con data 1.03.2019 tivo entrada o informe favorable da directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, coa seguinte condición:

(...) o proxecto que se aprobe definitivamente deberá acoutar o uso permitido coa denominación correcta establecida no artigo 29 do Decreto 48/2016, resultando o de “albergue de peregrinos do Camiño de Santiago”

Á vista do citado informe, **cómpre efectuar dúas consideracións xurídicas:**

Primeira. O artigo 29 do Decreto 48/2016, no seu apartado 1, configura expresamente aos albergues de peregrinos do Camiño de Santiago como unha “*categoría especial de albergue turístico*”

Segunda. A ordenación e definición de usos que estableza o planeamento urbanístico non ten por que coincidir coas categorías definidas na lexislación sectorial, as cales poden variar e cambiar a súa denominación e requisitos, sen que isto haxa de afectar á normativa urbanística do uso autorizado. Así, no marco do PE-1, o artigo 172.3 define claramente o uso de albergue tolerado na regulación particular dun equipamento múltiple como “*a instalación hostaleira incorporada a un equipamento multiuso co que garda unha relación física e funcional, sen que polo tanto poida significar un uso independente nin segregación parcelaria*”. Así mesmo, o artigo 142 configura o uso de albergue como un uso de “*aloxamento temporal*”, ao que resultarán aplicables ás condicións ou requisitos que para o uso hoteleiro se definan polo planeamento urbanístico, ademais das que, de ser o caso, resulten da normativa sectorial aplicable.

Non entanto o anterior, o proxecto promovido polo Arcebispado, seguindo as indicacións da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, optou por acotar o uso de albergue autorizado na reserva EM-9 á categoría específica de “*albergue de peregrinos do Camiño de Santiago*”. A limitación proposta resulta coherente cos obxectivos explicitados na memoria da Modificación e, en particular, coa especial relación do equipamento coa peregrinación relixiosa vinculada ao Camiño de Santiago, motivo que xustifica a restrición proposta neste senso.

Con data 5.03.2019 o promotor presentou o **proxecto reformado** no que se dá estrito cumprimento á condición sinalada no informe vinculante da Consellería.

6. Proposta de aprobación definitiva

En consecuencia, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

Aprobar definitivamente a *Modificación puntual do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica (PE-1), para a ampliación de usos no EM-9 (Seminario Menor – Belvís)*, promovida polo Arcebispado de Santiago de Compostela, segundo o documento reformado presentado o 5.03.2019, redactado polo arquitecto Ricardo Sáez Díaz.

O acordo de aprobación definitiva publicárase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa e ordenanzas, publicáranse no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitírase á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir a Modificación puntual do Plan especial no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.”

Xa que logo, á vista do informe transcrito e do ditame favorable da Comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos, correspondente a súa sesión do día 14 de marzo do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as

concelleiros e concelleiras, acorda aprobar definitivamente a modificación puntual do Plan Especial de protección e rehabilitación da cidade histórica (PE-1), para a ampliación de usos no EM-9 (Seminario Menor – Belvís), promovida polo Arcebispado de Santiago de Compostela, segundo o documento reformado presentado o 5.03.2019, redactado polo arquitecto Ricardo Sáez Díaz.

O presente acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa e ordenanzas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir a modificación puntual do Plan Especial no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

De conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

5. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM E DO PE-1 NO ÁMBITO DA PARCELA EM-FE. FINCA DO ESPÍÑO.

A devandita modificación puntual foi ditaminada favorablemente na sesión celebrada pola Comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos con data 14 de marzo do corrente ano.

O día 20 de marzo seguinte presentouse unha emenda por parte do concelleiro do servizo ao ditame da Comisión informativa mencionada.

Xa que logo, e tras o debate o Pleno da Corporación, en primeiro lugar, procede á votación da emenda presentada, votando a favor da mesma 12 concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta e BNG (10 CA e 2 BNG), e 12 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do Partido Popular e do PSdeG-PSOE (9 PP e 3 PSdeG-PSOE), polo que ao non acadar a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, queda rexeitada a emenda presentada con data 20 de marzo do corrente ano.

Seguidamente, vótase o acordo ditaminado Comisión informativa na sesión mencionada, votando a favor do mesmo 10 concelleiros e concelleiras do grupo municipal de Compostela Aberta (10 CA), e 14 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do Partido Popular, do PSdeG-PSOE e do BNG (9 PP, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), polo que ao non acadar a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, resulta rexeitado.

6. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, PARA A INMEDIATA LICITACIÓN POR PARTE DO MINISTERIO DE FOMENTO DO ENLACE ORBITAL E DO ENLACE DA N-550 PARA A CONEXIÓN DA AP-9, A-54 E ÁS ÁREAS EMPRESARIAIS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Transcribese a continuación o texto da proposición presentada con data 11 de marzo e número de rexistro 56:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O rexeitamento maioritario no Congreso dos Deputados do proxecto dos orzamentos do Estado presentados polo Goberno socialista para o actual ano 2019, onde -entre outras importantes diminucións e esquecementos- non se contemplaba nin un só euro para unha obra tan crucial para a nosa cidade como é o Enlace Orbital para conectar as grandes áreas empresariais coas principais vías de alta capacidade, puxo fin tamén a un amplo rexeitamento social, pero non achegou solucións para as ansiadas demandas.

Con todo, aquel rexeitamento orzamentario trouxo como consecuencia a prórroga dos orzamentos do ano 2018, que foran elaborados polo Goberno do Partido Popular e aprobados polas Cortes Xerais, nos que se reservaban 8 millóns de euros, que equivalen a máis de un terzo da cantidade estimada para o conxunto da obra.

Esa situación, abre unha posibilidade para que o Goberno poida asumir esta reivindicación sen maiores dilacións procedendo a poñer en marcha de forma inmediata o procedemento de licitación desta obra para ir adiantando os trámites e permitir que o novo Goberno do Estado que saia das urnas do vindeiro 28 de abril poida culminar a adxudicación e a execución da obra.

Polo tanto, tendo en conta:

Que os orzamentos actualmente vixentes son os prorrogados do ano 2018, que contan coa correspondente partida específica dotada economicamente.

Que a obra do Enlace Orbital dispón do proxecto aprobado, co procedemento de expropiación dos terreos necesarios iniciado hai un ano.

Que a actitude do actual Goberno do Estado é a de manter a súa actividade executiva, mesmo con numerosos decretos de discutible urxencia e oportunidade.

Que, pola contra, é indiscutible a urxencia e a plena aceptación dunha obra que foi reiteradamente esixida de forma unánime nos últimos tempos, tanto polo conxunto da Corporación como pola totalidade das entidades e asociacións empresariais actuantes no noso Concello

Na mesma liña, sería conveniente que se abordara como complemento e coa maior axilidade o “enlace da N-550, p.k.56,2, co orbital de Santiago de Compostela”, proxecto que unicamente contaba cunha anualidade de 100.000 euros (dun total de 7,5 millóns) consignados no rexeitado proxecto de orzamentos para 2019.

Esta actuación sobre a N-550 resulta imprescindible para darlle continuidade ao enlace construído no seu día pola Xunta de Galicia pola área norte do polígono da Sionlla. Conectaríase así a estrada Santiago-A Coruña á altura da recta de Formarís, por unha parte, co enlace orbital entre a AP-9 e a A-54; e pola outra, a través do acceso ao polígono do Tambre, coa nova variante de Aradas que xa ten executado o Goberno galego.

Cómpre ter presente que, na actualidade, o Ministerio de Fomento está a ultimar a redacción do proxecto de trazado para este enlace coa N-550, mentres o Concello ten feito pública a súa disposición a achegar os terreos necesarios para a súa execución.

En consecuencia, o Grupo Municipal Popular propónlle ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno da Corporación Municipal de Santiago de Compostela demanda do Goberno do Estado:

1.- A inmediata licitación das obras para a construción do Enlace Orbital de Santiago de Compostela, destinado a conectar as vías de alta capacidade AP-9 e A-54 coas áreas empresariais do Tambre, A Sionlla e Costa Vella, cuxo proxecto construtivo foi aprobado o 20 de decembro de 2017 e cuxo procedemento expropiatorio para os terreos afectados se iniciou o 22 de febreiro de 2018.

2.- A maior dilixencia no remate do proxecto do “enlace da N-550, p.k.56,2, co orbital de Santiago de Compostela” para a inmediata licitación da obra.”

O Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras, acorda demandar do Goberno do Estado:

1.- A inmediata licitación das obras para a construción do Enlace Orbital de Santiago de Compostela, destinado a conectar as vías de alta capacidade AP-9 e A-54 coas áreas empresariais do Tambre, A Sionlla e Costa Vella, cuxo proxecto construtivo foi aprobado o 20 de decembro de 2017 e cuxo procedemento expropiatorio para os terreos afectados se iniciou o 22 de febreiro de 2018.

2.- A maior dilixencia no remate do proxecto do “enlace da N-550, p.k.56,2, co orbital de Santiago de Compostela” para a inmediata licitación da obra.”

Antes de pasar a tratar o punto seguinte, ten lugar a intervención de Don Manuel Pallas Muíño, en relación ao rogo do BNG, relativo a unha campaña informativa e promocional do servizo de bonotaxi para persoas con dificultades de mobilidade.

7. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, PARA CUBRIR DE URXENCIA A BAIXA DA PRAZA DA ARQUITECTA ENCARGADA DAS LICENZAS DE APERTURA E PRIMEIRA OCUPACIÓN.

A proposición presentada con data 11 de marzo do corrente ano, número de rexistro 60, ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno destinada a solucionar a parálise na concesión de licenzas de apertura e primeira ocupación de establecementos e vivendas en Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O departamento de Urbanismo do Concello de Santiago de Compostela padece un problema estrutural de falta de coordinación e axilidade na concesión de licenzas derivado, en boa medida, da falta de persoal. Xa en outubro de 2017, o grupo municipal do BNG defendeu no Pleno unha iniciativa para axilizar a tramitación de licenzas de Urbanismo co fin de pór en marcha un plan de choque con medidas resolutivas para axilizar os procedementos e atallar os atrasos acumulados que estaban a causar graves prexuízos á economía local. Aprobouse por unanimidade, mais a situación

lonxe de solucionarse está a empeorar pola falta de persoal neste departamento, a pesar do esforzo do funcionariado da propia unidade.

Desde o mes de decembro de 2018, a persoa encargada da aprobación das licenzas de primeira ocupación de establecementos e vivendas está de baixa laboral. Isto motivou que a responsábel do departamento instase a cubrir esta praza mediante escritos dirixidos ao departamento de Persoal de xeito reiterado, ante a imposibilidade de destinar outra persoa arquitecta do servizo para realizar o seu traballo.

Deste xeito, nestes tres meses xa son ducias de negocios e familias afectadas pola falta de dilixencia na política de Persoal para solucionar esta situación que deriva nunha importante perda de capacidade económica por esta demora. A estas ducias de expedientes recentes, súmanselles os que levaban atraso na tramitación porque a carga de traballo nesta área dun concello como Santiago de Compostela non pode recaer nunha única persoa se se pretende que realice adecuadamente o seu labor especializado, dado que non hai un filtro previo de asesoramento necesario e acompañamento administrativo para a veciñanza que quere tramitar estas licenzas.

Ese atraso intolerábel e inxustificábel que teñen as tramitacións de licenzas provoca gravísimos prexuízos á veciñanza de Santiago de Compostela, como pago de alugueiros por vivendas nas que non poden habitar, alugueiros por locais onde non poden iniciar a actividade económica, empresas que non poden cumprir cos prazos de entrega das obras, perda de axudas públicas e créditos e avais bancarios, problemas para arquitectos, construtores, empresas de subministracións... Nos últimos tempos, lonxe de mellorar a situación agravouse significativamente e isto crea frustración na veciñanza, perda de diñeiro e de saúde.

Do mesmo xeito acontece con todo o persoal que gañou a praza, segundo recoñece unha sentenza xudicial, para adscribirse na Oficina de Cidade Histórica e Rehabilitación (OCHIR) do que algún segue pendente de incorporación pese á necesidade de profesionais neste ámbito.

Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

- 1.- O Concello de Santiago de Compostela realizará os trámites necesarios para cubrir de urxencia cunha interinaxe a praza de arquitecta que tramita as licenzas de apertura e primeira ocupación, nestes momentos de baixa, ademais de adoptar as medidas oportunas para axilizar os expedientes pendentes desde hai meses.
- 2.- Realizar unha modificación da Relación de Postos de Traballo para axilizar o trámite das licenzas a través da incorporación de persoal especializado á Oficina de Información, ademais de convocar de urxencia as prazas xa previstas na RPT.
- 3.- O Concello de Santiago de Compostela realizará os trámites necesarios para incorporar de urxencia as prazas da Oficina de Cidade Histórica e Rehabilitación de acordo co ditaminado en sentenza xudicial.

Xa que logo, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras, acorda:

- 1.- O concello realizará os trámites necesarios para cubrir de urxencia cunha interinaxe a praza de arquitecta que tramita as licenzas de apertura e primeira ocupación, nestes momentos de baixa, ademais de adoptar as medidas oportunas para axilizar os expedientes pendentes desde hai meses.
- 2.- Realizar unha modificación da Relación de Postos de Traballo para axilizar o trámite das licenzas a través da incorporación de persoal especializado á Oficina de Información, ademais de convocar de urxencia as prazas xa previstas na RPT.
- 3.- O concello realizará os trámites necesarios para incorporar de urxencia as prazas da Oficina de Cidade Histórica e Rehabilitación de acordo co ditaminado en sentenza xudicial.

8. DAR CONTA DO INFORME ANUAL DE QUEIXAS E SUXESTIÓNS CORRESPONDENTE AO ANO 2018.

Dáse conta ao Pleno do informe anual de queixas e suxestións de data 7 de marzo do corrente ano.

9. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das resolucións dende o día 2/01/19 ao 21/02/19 (núms. 1 ao 1400).

Así mesmo, tamén se da conta das seguintes actas de Xunta de Goberno:

Acta núm.98 correspondente á sesión ordinaria do día 28 de decembro de 2018.
Acta núm.1 correspondente á sesión ordinaria do día 4 de xaneiro de 2019.
Acta núm.2 correspondente á sesión ordinaria do día 11 de xaneiro de 2019.
Acta núm.3 correspondente á sesión ordinaria do día 18 de xaneiro de 2019.
Acta núm.4 correspondente á sesión ordinaria do día 25 de xaneiro de 2019.
Acta núm.5 correspondente á sesión ordinaria do día 1 de febreiro de 2019.
Acta núm.6 correspondente á sesión ordinaria do día 8 de febreiro de 2019.
Acta núm.7 correspondente á sesión ordinaria do día 15 de febreiro de 2019.
Acta núm.8 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 19 de febreiro de 2019.
Acta núm. 9 correspondente á sesión ordinaria do día 22 de febreiro de 2019.
Acta núm.10 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 19 de febreiro de 2019.

A continuación e despois de ser declarada a urxencia ao inicio da sesión, pasa a tratarse o seguinte asunto:

10. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2019-CREXT-03 DE IMPORTE 123.569,40 EUROS E DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO NÚM. 2019-SUPLE-01 DE IMPORTE 87.100 EUROS, FINANCIADO CON BAIXAS POR ANULACIÓN.

O informe de data 5 de marzo do corrente ano, asinado polo técnico da oficina de orzamentos e a directora de área de réxime interior, e que trae o conforme da concelleira delegada da economía e facenda, ten o seguinte contido:

“NORMATIVA APLICABLE

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), artigos 177, 213 á 222.
Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 36 e 37.
Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.
Artigos 12 e 13 das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2018 prorrogado ao exercicio 2019.

ANTECEDENTES

Informe proposta con data de 05.03.2019 do técnico da Oficina de Orzamentos (responsable do CX 01 de Débeda Pública e Oficina Orzamentaria) e proposta da Concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración, do xefe do servizo de Proxectos e Obras (responsable do CX 09 de Vías Públicas) e proposta do Concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial, do Economista da Oficina de Rehabilitación e Vivenda (responsable do CX 48 da EDUSI) e proposta da Concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración, de

necesidade de tramitación de expediente de crédito extraordinario baixo o número 2019-CREXT-03 e de suplemento de crédito 2019-SUPLE-01.

Estado de previsión de movementos e situación da débeda para o ano 2019 incluída no proxecto de orzamentos 2019 finalmente non aprobados.

Crédito inicial no exercicio 2018 prorrogado ao exercicio 2019 da aplicación 030 01100 3100 con destino dar cobertura aos intereses da débeda no ano 2019 das operacións vivas do Concello.

Acordo de Xunta de Goberno Local de data 31 de agosto de 2018 onde se toma acordo de aprobación do gasto do contrato de servizo de -Redacción do proxecto básico e executivo e do proxecto de seguridade e saúde, dirección facultativa superior e media e coordinación de seguridade e saúde da Reurbanización da rúa Clara Campoamor- con cargo á aplicación orzamentaria 100 15321 60900 incluída no proxecto de gasto 2018 4 CAMOR 72.

Contrato administrativo de prestación do servizo de -Redacción do proxecto básico e executivo e do proxecto de seguridade e saúde, dirección facultativa superior e media e coordinación de seguridade e saúde da Reurbanización da rúa Clara Campoamor- de data 18 de setembro de 2018.

Nivel de execución no exercicio 2018 do proxecto de gasto 2018 4 CAMOR 72 segundo a contabilidade municipal.

Acta de conformidade de data 20.02.2019 sobre a factura Emit-2019-6 de data 21.01.2019 (nº de rexistro de facturas en contabilidade 2019/271 e data 22.01.2019) emitida pola mercantil PROYFE S.L. de importe 16.189,80 euros (IVE incluído) correspondente á 1ª fase relativa ao anteprojecto (20% da totalidade do contrato) en relación ao contrato de servizo para -Redacción do proxecto básico e executivo e do proxecto de seguridade e saúde, dirección facultativa superior e media e coordinación de seguridade e saúde da Reurbanización da rúa Clara Campoamor-.

Acordo da Xunta de Goberno Local de data 6 de outubro de 2017 onde se tomou acordo relativo á selección da operación “Actuación nas rúas Patio de Madres e Castrón Douro. Fase I” como operación a incluír no proxecto EDUSI, aos efectos de tramitar a súa admisión como operación subvencionable por parte do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) perante do Organismo Intermedio de Xestión (Subdirección Xeral de Desenvolvemento Urbano – Ministerio de Hacienda y Función Pública).

Comunicación de data 15 de febreiro de 2018 do Organismo Intermedio de Xestión (Subdirección Xeral de Desenvolvemento Urbano – Ministerio de Hacienda y Función Pública) de admisión da operación “Actuación nas rúas Patio de Madres e Castrón Douro. Fase I” como subvencionable no marco do proxecto EDUSI e, polo tanto, susceptible de ser subvencionada por parte do FEDER.

Acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de xuño de 2018 onde se tomou acordo relativo á adxudicación do contrato de “Reurbanización das rúas Patio de Madres e Castrón Douro. Fase I” a mercantil ALCOMTE GALICIA S.L. por un importe de 1.131.542,06 euros a financiar no marco do proxecto europeo EDUSI baixo a aplicación orzamentaria 030 15321 61900 incluída no proxecto de gasto 2017 2 EDUSI 9 con carácter plurianual (exercicios 2018 e 2019).

Contrato administrativo plurianual para execución das obras de - Reurbanización das rúas Patio de Madres e Castrón Douro - Fase I- asinado con data 28 de xuño de 2018 coa mercantil ALCOMTE GALICIA S.L.

Nivel de execución no exercicio 2018 do proxecto de gasto 2017 2 EDUSI 9 segundo a contabilidade municipal.

Informe de data 28.02.2019 do Economista da Oficina de Vivenda e Rehabilitación, responsable municipal das actuacións da EDUSI, sobre a evolución na execución orzamentaria en relación á operación “Actuación nas rúas Patio de Madres e Castrón Douro” no marco da EDUSI.

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

Unha vez analizado o informe proposta que forma parte do inicio do expediente e a documentación que figura no apartado de antecedentes do mesmo que dá soporte á solicitude de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2019-CREXT-03 e ao suplemento de crédito baixo o número de expediente 2019-SUPLE-01, segundo opinión da oficina orzamentaria queda acreditada a especificidade e determinación do novo gasto proposto, a xustificación da súa necesidade e a súa inmediatez sen posibilidade de demora para o exercicio seguinte.

O expediente que se presente a aprobar consta de **tres asuntos** vinculados ás seguintes determinacións:

1. HABILITACIÓN de crédito na aplicación 060/92000/35200 de importe 75.000,00 euros para dar cobertura ao Concello ao aboamento de xuros de mora e legais en base á execución de sentenzas xudiciais firmes -expediente 2019-CREXT-03-.
2. HABILITACIÓN de crédito na aplicación 100/15321/60900 incluída no proxecto de gasto 2018 4 CAMOR 72 de importe 48.569,40 euros que permita ao Concello garantir o compromiso de gasto asinado coa mercantil PROYFE S.L. relativo aos honorarios de redacción do proxecto básico e executivo e do proxecto de seguridade e saúde da Reurbanización da rúa Clara Campoamor (Fases I e II do prezo do contrato asinado) -expediente 2019-CREXT-03-.
3. SUPLEMENTO de crédito na aplicación 030/15321/61900 incluída no proxecto de gasto 2017 2 EDUSI 9 de importe 87.100,00 euros que permita ao Concello dar cobertura á achega municipal da anualidade 2019 da actuación cofinanciada polo FEDER no marco da EDUSI SANTIAGO coa denominación “REURBANIZACIÓN NAS RÚAS PATIO DE MADRES E CASTRÓN DOURO” – expediente 2019-SUPLE-01.

FINANCIAMENTO DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA

Como recurso que financia este crédito extraordinario e suplemento de crédito, o artigo 36 do RD 500/1990, de 20 de abril, sinala que os créditos extraordinarios e suplementos de crédito poden financiarse indistintamente con algúns dos seguintes recursos:

- a) Por conta do remanente líquido de tesourería calculado consonte os artigos 101 a 104.
- b) Por conta de novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do orzamento corrente.
- c) Mediante anulacións ou baixas de crédito doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

No caso que nos ocupa a proposta de crédito extraordinario e suplemento de crédito que se tramita para a súa aprobación finánciase na súa totalidade con baixas por anulación de crédito en varias aplicacións orzamentarias do orzamento 2018 prorrogado ao exercicio 2019 cuxas dotacións se

estiman reducibles sen perturbación do respectivo servizo e así o acredita o conforme dos responsables dos centros xestores que ceden crédito e o visto e prace dos Concelleiros delegados.

O financiamento dos **tres asuntos** que motivan o presente expediente de modificación de crédito detállanse a continuación:

1. Baixas por anulación da aplicación orzamentaria 030 01100 31000 nun importe de 75.000,00 euros procedente do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria que consigna o crédito necesario para facer fronte ao pagamento de xuros das operacións de endebedamento vivas consignadas no Estado da Débeda do Concello deste ano 2019. Neste sentido, e así se recollía no estado da débeda do proxecto de orzamentos 2019 finalmente rexeitado polo Pleno da Corporación, o crédito necesario para poder afrontar o pagamento de xuros das operacións vivas de débeda do Concello neste ano 2019 é de 319.171,47 euros, existindo crédito dispoñible suficiente (crédito prorrogado por importe de 455.952,68 euros) na aplicación orzamentaria do orzamento 2018 prorrogado ao exercicio 2019 para poder financiar a modificación orzamentaria proposta. Ao mesmo tempo, e así constaba no informe económico financeiro do proxecto de orzamentos 2019, para o cálculo do custe financeiro tomáronse como referencias o euríbor trimestral medio do ano 2018 fixado no -0,324% e o euríbor anual medio do ano 2018 fixado no -0,184. Ao dar índices negativos, por prudencia estimouse para o cálculo un euríbor trimestral medio para o ano 2019 de 0,500% e o euríbor anual medio para o 2019 en 0,200%, polo que existe aínda marxe de crédito nesta estimación para que o Concello puidera asumir ao longo do ano fluctuacións do euríbor que levaran a tipos de interese positivos, polo que queda no crédito prorrogado nesta aplicación, unha vez diminuída, cobertura orzamentaria para atender a carga financeira comprometida para este exercicio (tipo de cotización euríbor trimestral a 01.03.19 de -0,310% e tipo de cotización euríbor anual medio -0,108%).

2. Baixas por anulación da aplicación orzamentaria 060 92001 64100 nun importe de 48.569,40 euros incluída no proxecto de pasto 2018 4 INFOR 28 financiado con recursos propios, procedente do crédito dispoñible no proxecto de gasto que recolle o crédito consignado no orzamento 2018 prorrogado ao exercicio 2019 para atender á anualidade 2019 do contrato administrativo de subministración e implantación dunha solución de administración electrónica para o Concello de Santiago e o seu mantemento, toda vez que xa se encontra rexistrada na contabilidade municipal a totalidade do compromiso de crédito desta anualidade 2019 (importe 485.260,57 euros).

3. Baixas por anulación da aplicación orzamentaria 060 92001 64100 nun importe de 87.100,00 euros incluída no proxecto de pasto 2018 4 INFOR 28 financiado con recursos propios, procedente do crédito dispoñible no proxecto de gasto que recolle o crédito consignado no orzamento 2018 prorrogado ao exercicio 2019 para atender á anualidade 2019 do contrato administrativo de subministración e implantación dunha solución de administración electrónica para o Concello de Santiago e o seu mantemento, toda vez que xa se encontra rexistrada na contabilidade municipal a totalidade do compromiso de crédito desta anualidade (importe 485.260,57 euros).

AS MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS NO ORZAMENTO PRORROGADO

No eido da xestión orzamentaria da prórroga cómpre indicar o seguinte:

En tanto non entre en vigor o orzamento definitivo, o prorrogado poderá ser obxecto de calquera das modificacións previstas pola Lei -artigos 169.6 do TRLFL e artigo 21.4.5 e 6 do RD 500/1990-

O orzamento definitivo aprobarase, no seu caso, con efectos 1 de xaneiro e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais.

As modificacións efectuadas sobre o orzamento prorrogado entenderanse feitas sobre o orzamento definitivo, agás que o Pleno dispoña no propio acordo de aprobación deste último que determinadas modificacións se consideran incluídas nos créditos iniciais, en cuxo caso deberán anularse as mesmas

No relativo á modalidade de modificativo proposta -crédito extraordinario e suplemento de crédito financiado con baixas por anulación- cómpre facer as seguintes consideracións:

Trátase dunhas modificacións de natureza cualitativa na medida en que altera a cualidade do gasto sen modificar a contía total do estado de gastos do orzamento municipal. Inciden unicamente no orzamento de gastos incrementando o crédito dunhas aplicacións por conta de minorar -baixa por anulación-, no mesmo importe global, o de outras.

Todas as aplicacións orzamentarias implicadas -nas que se dota o crédito no capítulo 3 e 6 de gasto e nas que se declara a baixa nos capítulos 3 e 6 de gastos- pertencen a capítulos de gastos non financeiros polo que as modificacións propostas non impactan, en termos de incremento de gastos desa natureza, no cumprimento do obxectivo de estabilidade, nin da regra de gasto, mantendo o equilibrio orzamentario global.

Polo antedito, e trala análise da situación actual do orzamento prorrogado e tendo en conta o criterio marcado por esta oficina de priorizar a dispoñibilidade dos créditos para atender os compromisos adquiridos en firme polo Concello, pódese concluír que este expediente que se leva a aprobación respecta estes criterios e as aplicacións orzamentarias que achegan crédito ao financiamento desta modificación é axeitado. Todo o antedito sen prexuízo da necesaria tramitación doutras modificacións que darán cumprida resposta ás necesidades actuais.

PROPOSTA

De conformidade co establecido nos artigos 12 e 13 das Bases de execución do Orzamento Municipal de 2018 prorrogado ao exercicio 2019, e de acordo co establecido no artigo 177 e ss do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e demais disposicións vixentes na materia,

PROPONSE que pola Concellería delegada de Economía, Facenda e Administración, se propoña á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** para o seu posterior traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas:

PRIMEIRO: aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº 2019-CREXT-03 con base nos asuntos primeiro e segundo incluídos no informe proposta que se achega ao expediente, por un monto global de **CENTO VINTE E TRES MIL CINCOCENTOS SESENTA E NOVE EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS DE EURO (123.569,40 €)**. Esta modificación de crédito financiarase con baixas por anulación.

En resumo:

HABILITACIÓN DE CRÉDITO						FINANCIAMENTO: BAIAS POR ANULACIÓN								
ASUNTO	DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO DE GASTO	IMPORTE	TIPO MC	DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO DE GASTO	IMPORTE	
1	Liquidación xuros de mora e legais pendentes de aboar polo Concello e recoñecidos en sentenza firme	060	92000	35200		75.000,00	CE	Aplicación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria destinada a dar cobertura aos intereses do estado da débeda do Concello do ano 2019 con respecto ao crédito inicial do ano 2018 prorrogado ao exercicio 2019	030	01100	31000		75.000,00	
2	Redacción do proxecto básico e executivo e de redacción do proxecto de seguridade e saúde, dirección facultativa superior e media e coordinación de seguridade e saúde da "Reurbanización da rúa Clara Campoamor"	100	15321	60900	2018 4 CAMOR 72	48.569,40		Aplicación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria destinada a dar cobertura aos intereses do estado da débeda do Concello do ano 2019 con respecto ao crédito inicial do ano 2018 prorrogado ao exercicio 2019	060	92001	64100	2018 4 INFOR 28	48.569,40	
						123.569,40								123.569,40

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) HABILITACIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

HABILITACIÓN DE CRÉDITO				
DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			IMPORTE
Liquidación xuros de mora e legais pendentes de aboar polo Concello e recoñecidos en sentenza firme	060	92000	35200	75.000,00
Redacción do proxecto básico e executivo e de redacción do proxecto de seguridade e saúde, dirección facultativa superior e media e coordinación de seguridade e saúde da "Reurbanización da rúa Clara Campoamor"	100	15321	60900	48.569,40
				123.569,40

B) Financiamiento:

FINANCIAMENTO: BAIAS POR ANULACIÓN				
DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			IMPORTE
Aplicación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria destinada a dar cobertura aos intereses do estado da débeda do Concello do ano 2019 con respecto ao crédito inicial do ano 2018 prorrogado ao exercicio 2019	030	01100	31000	75.000,00
Aplicación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria destinada a dar cobertura aos intereses do estado da débeda do Concello do ano 2019 con respecto ao crédito inicial do ano 2018 prorrogado ao exercicio 2019	060	92001	64100	48.569,40
				123.569,40

Baixas por anulación: **123.569,40 euros**

SEGUNDO: Continuar o procedemento de execución do gasto e recoñecer extraxudicialmente as obrigas derivadas da aprobación da factura nº 2019-6 (nº de rexistro de facturas en contabilidade 2019/271 e data 22.01.2019) emitida en data 21.01.2019 pola mercantil PROYFE S.L., con CIF nº B15077233, por importe de 16.189,80 euros -IVE incluído-, correspondente á 1ª fase de facturación relativa ao anteproxecto (20% da totalidade do contrato) en relación ao contrato de servizo para - Redacción do proxecto básico e executivo e do proxecto de seguridade e saúde, dirección facultativa superior e media e coordinación de seguridade e saúde da Reurbanización da rúa Clara Campoamor-.

TERCEIRO: Condicionar a eficacia deste segundo acordo á entrada en vigor do expediente de modificación de crédito mediante crédito extraordinario nº 2019-CREXT-03.

CUARTO: aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito nº 2019-SUPLE-01 con base no asunto cuarto incluído no informe proposta que se achega ao expediente, por un monto global de **OITENTA E SETE MIL CEN EUROS (87.100,00 €)**. Esta modificación de crédito financiarase con baixas por anulación.

En resumo:

HABILITACIÓN DE CRÉDITO							FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN							
ASUNTO	DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO DE GASTO	IMPORTE	TIPO MC	DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO DE GASTO	IMPORTE	
4	Achega municipal para dar cobertura á anualidade 2019 da actuación da EDUSI: "REURBANIZACIÓN PATIO DE MADRES E CASTRÓN DOURO. FASE I"	030	15321	61900	2017 2 EDUSI 9	87.100,00	SC	Aplicación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria destinada a dar cobertura aos intereses do estado da débeda do Concello do ano 2019 con respecto ao crédito inicial do ano 2018 prorrogado ao exercicio 2019	060	92001	64100	2018 4 INFOR 28	87.100,00	
						87.100,00								87.100,00

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO					
DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO DE GASTO	IMPORTE
Achega municipal para dar cobertura á anualidade 2019 da actuación da EDUSI: "REURBANIZACIÓN PATIO DE MADRES E CASTRÓN DOURO. FASE I"	030	15321	61900	2017 2 EDUSI 9	87.100,00
					87.100,00

B) Financiamiento:

FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN					
DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO DE GASTO	IMPORTE
Aplicación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria destinada a dar cobertura aos intereses do estado da débeda do Concello do ano 2019 con respecto ao crédito inicial do ano 2018 prorrogado ao exercicio 2019	060	92001	64100	2018 4 INFOR 28	87.100,00
					87.100,00

Baixas por anulación: **87.100,00 euros**

Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario	123.569,40 €
2.- Total suplemento de crédito	87.100,00 €
2.- Financiamiento	
a) Novos ingresos	
b) Baixas por anulación	210.669,40 €
c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais	

QUINTO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario e suplemento de crédito serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente expoñerase ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

SEXTO: elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario nº 2019-CREXT-03 e de suplemento de crédito 2019-SUPLE-01 se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

SÉTIMO: Igualmente seranlle aplicables ao expediente de crédito extraordinario nº 2019-CREXT-03 e de suplemento de crédito 2019-SUPLE-01 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.”

O expediente foi informado por intervención municipal con data 14 de marzo do corrente ano (Ref. 142/2019), e aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 15 de marzo seguinte.

Xa que logo, á vista do informe transcrito, demais documentación que obra no expediente, e máis do ditame favorable da Comisión informativa de presidencia, réxime interior, facenda e especial de contas, correspondente a sesión extraordinaria do día 20 de marzo do corrente ano, o Pleno da Corporación por 12 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta e do BNG (10 CA e 2 BNG), e 12 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do Partido Popular e do PSdeG-PSOE (9 PP e 3 PSdeG-PSOE), acorda:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº 2019-CREXT-03 con base nos asuntos primeiro e segundo incluídos no informe proposta que se achega ao expediente, por un monto global de CENTO VINTE E TRES MIL CINCOCENTOS SESENTA E NOVE EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS DE EURO (123.569,40 €). Esta modificación de crédito financiarase con baixas por anulación.

En resumo:

HABILITACIÓN DE CRÉDITO						FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN						
ASUNTO	DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN DE GASTO		PROXECTO DE GASTO	IMPORTE	TIPO MC	DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO		PROXECTO DE GASTO	IMPORTE	
1	Liquidación xuros de mora e legais pendentes de aboar polo Concello e recoñecidos en sentenza firme	060	92000	35200	75.000,00	CE	Aplicación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria destinada a dar cobertura aos intereses do estado da débeda do Concello do ano 2019 con respecto ao crédito inicial do ano 2018 prorrogado ao exercicio 2019	030	01100	31000	75.000,00	
2	Redacción do proxecto básico e executivo e de redacción do proxecto de seguridade e saúde, dirección facultativa superior e media e coordinación de seguridade e saúde da "Reurbanización da rúa Clara Campoamor"	100	15321	60900	2018 4 CAMOR 72		48.569,40	Aplicación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria destinada a dar cobertura aos intereses do estado da débeda do Concello do ano 2019 con respecto ao crédito inicial do ano 2018 prorrogado ao exercicio 2019	060	92001	64100	2018 4 INFOR 28
					123.569,40							123.569,40

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) HABILITACIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

HABILITACIÓN DE CRÉDITO				
DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			IMPORTE
Liquidación xuros de mora e legais pendentes de aboar polo Concello e recoñecidos en sentenza firme	060	92000	35200	75.000,00
Redacción do proxecto básico e executivo e de redacción do proxecto de seguridade e saúde, dirección facultativa superior e media e coordinación de seguridade e saúde da "Reurbanización da rúa Clara Campoamor"	100	15321	60900	48.569,40
				123.569,40

B) Financiamento:

FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN				
DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			IMPORTE
Aplicación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria destinada a dar cobertura aos intereses do estado da débeda do Concello do ano 2019 con respecto ao crédito inicial do ano 2018 prorrogado ao exercicio 2019	030	01100	31000	75.000,00
Aplicación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria destinada a dar cobertura aos intereses do estado da débeda do Concello do ano 2019 con respecto ao crédito inicial do ano 2018 prorrogado ao exercicio 2019	060	92001	64100	48.569,40
				123.569,40

Baixas por anulación: 123.569,40 euros

SEGUNDO: Continuar o procedemento de execución do gasto e recoñecer extraxudicialmente as obrigas derivadas da aprobación da factura nº 2019-6 (nº de rexistro de facturas en contabilidade 2019/271 e data 22.01.2019) emitida en data 21.01.2019 pola mercantil PROYFE S.L., con CIF nº B15077233, por importe de 16.189,80 euros -IVE incluído-, correspondente á 1ª fase de facturación relativa ao anteproxecto (20% da totalidade do contrato) en relación ao contrato de servizo para - Redacción do proxecto básico e executivo e do proxecto de seguridade e saúde, dirección facultativa superior e media e coordinación de seguridade e saúde da Reurbanización da rúa Clara Campoamor-.

TERCEIRO: Condicionar a eficacia deste segundo acordo á entrada en vigor do expediente de modificación de crédito mediante crédito extraordinario nº 2019-CREXT-03.

CUARTO: Aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito nº 2019-SUPLE-01 con base no asunto cuarto incluído no informe proposta que se achega ao expediente, por un monto global de OITENTA E SETE MIL CEN EUROS (87.100,00 €). Esta modificación de crédito financiarase con baixas por anulación.

En resumo:

HABILITACIÓN DE CRÉDITO							FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN						
ASUNTO	DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO DE GASTO	IMPORTE	TIPO MC	DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO DE GASTO	IMPORTE
4	Achega municipal para dar cobertura á anualidade 2019 da actuación da EDUSI: "REURBANIZACIÓN PATIO DE MADRES E CASTRÓN DOURO. FASE I"	030	15321	61900	2017 2 EDUSI 9	87.100,00	SC	Aplicación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria destinada a dar cobertura aos intereses do estado da débeda do Concello do ano 2019 con respecto ao crédito inicial do ano 2018 prorrogado ao exercicio 2019	060	92001	64100	2018 4 INFOR 28	87.100,00
						87.100,00							87.100,00

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO					
DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO DE GASTO	IMPORTE
Achega municipal para dar cobertura á anualidade 2019 da actuación da EDUSI: "REURBANIZACIÓN PATIO DE MADRES E CASTRÓN DOURO. FASE I"	030	15321	61900	2017 2 EDUSI 9	87.100,00
					87.100,00

B) Financiamiento:

FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN					
DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO DE GASTO	IMPORTE
Aplicación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria destinada a dar cobertura aos intereses do estado da débeda do Concello do ano 2019 con respecto ao crédito inicial do ano 2018 prorrogado ao exercicio 2019	060	92001	64100	2018 4 INFOR 28	87.100,00
					87.100,00

Baixas por anulación: **87.100,00 euros**

Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario	123.569,40 €
2.- Total suplemento de crédito	87.100,00 €
2.- Financiamiento	
a) Novos ingresos	
b) Baixas por anulación	210.669,40 €
c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais	

QUINTO: Na tramitación destes expedientes de crédito extraordinario e suplemento de crédito serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente expoñerase ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

SEXTO: Elevar automaticamente a definitivo os expedientes inicialmente aprobados de crédito extraordinario nº 2019-CREXT-03 e de suplemento de crédito 2019-SUPLE-01 se contra os mesmos non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

SÉTIMO: Igualmente seranlle aplicables ao expediente de crédito extraordinario nº 2019-CREXT-03 e ao suplemento de crédito 2019-SUPLE-01 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.

11. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Rogos:

Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 11 de marzo de 2019, núm. 58.

Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 11 de marzo de 2019, núm. 59.

Do grupo municipal do BNG de data 12 de marzo de 2019, núm. 61.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 12 de marzo de 2019, núm. 64.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 12 de marzo de 2019, núm. 65.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 12 de marzo de 2019, núm. 66.

Preguntas resposta oral:

Do grupo municipal do BNG de data 12 de marzo de 2019, núm. 62.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 12 de marzo de 2019, núm. 67.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 12 de marzo de 2019, núm. 68.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 12 de marzo de 2019, núm. 69.

Faise un receso cando son as 18:48 horas, e continúaase coa sesión cando son as 19:12 horas.

O señor interventor auséntase da sesión e xa non se reincorpora á mesma.

Antes de pasar ao seguinte punto, ten lugar a votación da declaración institucional da que foi declarada a urxencia ao inicio da sesión.

O Pleno da Corporación, previa declaración de urxencia acordada ao inicio da sesión, aprobou por unanimidade a seguinte declaración institucional que ven asinada polos portavoces dos catro grupos políticos municipais:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

O Pleno da Corporación, a petición da Plataforma de afectados polo vertedoiro de Santiago de Compostela-Miramontes e a Federación de Asociacións do Rural de Santiago (FERUSA) acorda:

O seu apoio á veciñanza na problemática xerada polo vertedoiro e a planta de elaboración dos tecnosolos de Miramontes (Grixoa). Mostrar o compromiso firme dos grupos políticos da Corporación de manter unha opinión clara e firme respecto ao vertedoiro situado na canteira de Miramontes, así como a adoptar as accións necesarias para protexer a saúde das persoas, o medio ambiente e o dereito dos veciños e veciñas do lugar a unhas condicións de vida axeitadas.

11. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS:

Rexistro de entrada do día 11 de marzo de 2019, núm. 57, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, na que solicita melloras para o CEIP Quiroga Palacios.

Rexistro de entrada do día 12 de marzo de 2019, núm. 63, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para o desenvolvemento dun sistema de videovixilancia para a protección do patrimonio público e da seguridade cidadá.

Rexistro de entrada do día 13 de marzo de 2019, núm. 70, presentada polo grupo municipal do BNG, para adoptar medidas de seguranza viaria e realizar un plan de ordenación e estudo de detalle en Lamas de Abade.

Os textos das mocións presentadas transcríbense a continuación:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA AO PLENO DA CORPORACIÓN A TRAVÉS DA QUE SOLICITA UNHA SERIE DE MELLORAS PARA O CEIP QUIROGA PALACIOS

De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, o Grupo Municipal Socialista desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O crecemento experimentado polo CEIP Quiroga Palacios é unha realidade. Así, este colexio ten experimentado un notable incremento no número de alumando, o que fai necesario que se leven a cabo unha serie de intervencións para adaptar as instalacións ás novas necesidades.

De feito, en 2010 o CEIP tiña arredor de 200 estudantes, mentres que para o curso 2019-20 teñen unhas previsións de 484, o que supón multiplicar o alumnado por 2,25. Ademais, na zona do centro escolar están censados 124 nenos e nenas de 0 a 3 anos e, polo tanto, estudantes potenciais do Cardeal Quiroga Palacios.

Unha das obras máis necesarias é a construción de baños no patio, patio que na actualidade se atopa en mal estado, é pequeno e non está cuberto na súa totalidade, pero vai ser obxecto dunha actuación por parte do Concello. Precisamente o remanente que queda entre a licitación -80.000 euros- e o importe de adxudicación -63.820- pode ser utilizado, tal e como demanda a comunidade educativa do centro, para executar esta actuación. A este respecto, non deixa de ser curioso que este proxecto de reforma e ampliación do patio fora de 2016 e non se presentara ao colexio, xa pechado, ata setembro de 2018.

Outra necesidade do Quiroga Palacios é un novo pavillón, para dar resposta ao incremento do alumnado de infantil, así como un novo aulario para ditos nenos e nenas. A este respecto, o

compromiso realizado polo concelleiro da área, Manuel Dios, relativo a ceder os terreos necesarios á Xunta, aínda non se produciu. Polo tanto, levar a cabo este trámite é outra das reivindicacións da comunidade educativa. Ademais, nestes terreos tamén se debería ampliar o parking para profesorado, claramente insuficiente na actualidade.

Finalmente, existen outras demandas menores, como dotar ao centro dun aula de psicomotricidade (agora ocupan literalmente un corredor), arranxar os canalóns porque cando chove cae a auga no patio, pintar as escaleiras ou colocar tarima flotante da biblioteca, que vén de recibir apoio para un proxecto de desenvolvemento das súas instalacións.

Por todo o exposto, o Grupo Socialista do Concello de Santiago de Compostela presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno a seguinte **MOCIÓN** instando ao goberno municipal a:

1. Aproveitar as obras de ampliación do patio do centro escolar para construír baños para Infantil.
2. Ceder os terreos para poder construír o novo aularia de Infantil, un pavillón e un aparcadoiro para o profesorado. Con estas obras, a aula de psicomotricidade deixaría de estar en nun corredor, como acontece na actualidade.
3. Desenvolver unhas serie de obras menores, como arranxar os canalóns e instalar tarima flotante na biblioteca do centro escolar.

MOCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DUN SISTEMA DE VIDEOVIXILANCIAPARA A PROTECCIÓN DO PATRIMONIO PÚBLICO E DA SEGURIDADE CIDADÁ

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O recente atentado contra o patrimonio monumental da cidade de Santiago de Compostela ocasionado pola acción vandálica de rociar con pintura varias zonas da Catedral vén a poñer de relevo, novamente, unha cuestión apuntada polo Grupo Popular nos últimos meses: a necesidade de desenvolver coa maior dilixencia un sistema de videovixilancia que atenda, non só á protección do extraordinario patrimonio público da cidade, senon que constitúa tamén unha ferramenta útil para contribuír a garantir a convivencia e a seguridade pública en distintas áreas urbanas.

Porque, non só estamos a falar a Catedral -onde hai meses tamén se producía outro atentado nas proximidades da portada das Praterías- senón tamén no contorno da igrexa de Santa Susana, na Praza do Toural e en moitas outras zonas de gran importancia monumental e de gran tránsito de persoas onde con frecuencia se rexistran accións que é preciso previr, disuadir e, chegado o caso, investigar e sancionar na defensa do interese xeral.

Con este fin, e aínda tendo en conta que a vixilancia de inmobles e do dominio público respondan a réximes diferentes, sería conveniente e necesario articular unha acción coordinada entre o Concello de Santiago, a Xunta de Galicia e a Igrexa compostelá, para deseñar e poñer en servizo un servizo de videovixilancia que sirva como complemento para as forzas e corpos de seguridade á hora de loitar contra os actos vandálicos nos monumentos públicos e unha maior garantía para a convivencia e a seguridade cidadá.

En consecuencia, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta á consideración da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

O Concello de Santiago de Compostela implicarase de forma activa no inmediato desenvolvemento dun sistema de videovilancia, coa colaboración doutras institucións, nomeadamente da Xunta de Galicia e da Igrexa, que contribúa a unha maior protección do legado monumental, do patrimonio público, da convivencia e da seguridade cidadá, nas zonas da cidade que se consideren máis sensibles para este fin.

MOCIÓN DE URXENCIA PARA ADOPTAR MEDIDAS DE SEGURANZA VIARIA E REALIZAR UN PLAN DE ORDENACIÓN E ESTUDO DE DETALLE EN LAMAS DE ABADE

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción de urxencia para o seu debate en Pleno destinada a adoptar medidas de seguranza viaria e a realizar un plan de ordenación e un estudo de detalle en Lamas de Abade para mellorar a mobilidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na zona de Lamas de Abade, en horas punta de entrada e saída dos centros de ensino chega a haber 11 autobuses entre escolares e urbanos, ademais dos vehículos particulares que usan estudantado e profesorado para se desprazaren. Cómpre ter en conta que hai en total 2.658 alumnos e alumnas de todas as idades matriculados en cinco centros.

Deste xeito, reclaman medidas de urxencia para mellorar a mobilidade e incrementar a seguranza viaria, cunha regulación de tráfico en horas punta por parte da Policía local e adopción de aspectos técnicos para a pacificación de tráfico e aminoración da velocidade dos vehículos cun sistema de lombos ou luces de advertencia.

Precisan tamén a adecuación dos horarios das liñas de transporte urbano, para que coincida cos horarios escolares, pois o último da mañá pasa ás 14:15 horas cando as aulas rematan ás 14:30 horas.

A comunidade educativa destaca diversos puntos críticos de risco de accidente e anchos de vía inferiores a 5 metros con dous carrís, con dificultades para o tránsito.

Faise necesario ademais dispor dunha reserva de prazas de aparcadoiro para discapacidade, que deberá ser maior no centro de Aspanaes.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago atenderá de urxencia as peticións da comunidade educativa da zona de Lamas de Abade, onde hai 5 centros de ensino, para mellorar a seguranza viaria e o transporte en

horas punta de entrada e saída. Ademais, realizará un plan de ordenación e un estudo de detalle para mellorar a mobilidade.

EMENDA.-

Rexistro de entrada do día 20 de marzo de 2019, núm. 71, o grupo municipal de Compostela Aberta presenta emenda á moción núm. 63 do grupo municipal do Partido Popular.

“O grupo municipal de Compostela Aberta, ao abeiro da normativa de aplicación, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación a seguinte emenda de substitución relativa á moción núm. 63 do 12 de marzo

Proponse substituír o texto resolutivo polo seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela estudará no marco da Xunta Local de Seguridade as medidas precisas para mellorar a protección do legado patrimonial e histórico da contorna da catedral.

O Pleno da Corporación adoptou, os seguintes acordos:

Na moción de rexistro de entrada do día 11 de marzo de 2019, núm. 57, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, na que solicita unha serie de melloras para o CEIP Quiroga Palacios, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras, acorda instar ao goberno municipal a:

1. Aproveitar as obras de ampliación do patio do centro escolar para construír baños para Infantil.
2. Ceder os terreos para poder construír o novo aulario de Infantil, un pavillón e un aparcadoiro para o profesorado. Con estas obras, a aula de psicomotricidade deixaría de estar en nun corredor, como acontece na actualidade.
3. Desenvolver unhas serie de obras menores, como arranxar os canalóns e instalar tarima flotante na biblioteca do centro escolar.

Na moción con rexistro de entrada do día 12 de marzo de 2019, núm. 63, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, en relación ao desenvolvemento dun sistema de videovixilancia para a protección do patrimonio público e da seguridade cidadá, á que presentou emenda o grupo municipal de Compostela Aberta, e que non foi aceptada polo grupo proponente da moción, o Pleno da Corporación por 12 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do Partido Popular e do PSdeG-PSOE (9 PP e 3 PSdeG-PSOE), e 12 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta e BNG (10 CA e 2 BNG), ao producirse empate, volvese a repetir a votación que obtén o mesmo resultado, e co voto de calidade do señor alcalde, queda rexeitada a devandita moción.

Na moción con rexistro de entrada do día 13 de marzo de 2019, núm. 70, presentada polo grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda que o concello atenderá de urxencia as peticións da comunidade educativa da zona de Lamas de Abade, onde hai cinco centros

de ensino, para mellorar a seguranza viaria e o transporte en horas punta de entrada e saída. Ademais, realizará un plan de ordenación e un estudo de detalle para mellorar a mobilidade.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente deuna por finalizada sendo as 20:01 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do pleno,

Asdo: Martiño Noriega Sánchez

Asdo: José Ramón Alonso Fernández